



**EXCMO. CONCELLO**  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

## **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALCANTARILLADO.**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 2, 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Texto Refundido da Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por prestación do servizo de saneamento, que se rexera pola presente Ordenanza Fiscal.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.**

I.- Constitúe o Feito Impoñible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida a rede de saneamento municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de saneamento municipal, e o seu tratamento para depuralas.

II.- Declararse a obrigatoriedade da conexión a rede xeral de saneamento de todas as vivendas, construcións e industrias situadas en solo urbano conforme o planeamento urbanístico vixente en cada momento.

III.- Declarase obrigatoria a conexión a rede xeral de saneamento de todas as vivendas e construcións en xeral, situadas en solo de núcleo rural que teñan fachada a vía pública conforme o planeamento urbanístico vixente en cada momento sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cento cincuenta metros.

IV.- Declarase obrigatoria a conexión a rede xeral de saneamento de todas as vivendas e construcións en xeral situadas en solo rústico que teñan fachadas a vías públicas conforme o planeamento urbanístico vixente en cada momento sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cento cincuenta metros.

V.- Non estarán suxeitos á taxa os inmobles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo. A estes efectos entenderase por ruinoso unicamente aquel inmovible que fose obxecto dunha declaración administrativa de ruína de acordo co disposto no Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.

### **ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.**

I.- Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Ley General Tributaria, Ley 58/2.003 de 17 de deciembre, nos seguintes supostos:

- a) Cando se trata da concesión de licenza de acometida a rede, o propietario, usufrutuário ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuários, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

II.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario destes inmobles, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### **ARTIGO 4. RESPONSABLES.**

I.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41 e 42 da Ley 58/2.003, de 17 de deciembre, General Tributaria.



**EXCMO. CONCELLO**  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

II.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Ley General Tributaria

**ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA.**

A cota desta Taxa será a seguinte:

CONCEPTOS	TARIFA
<b>1. Pola concesión da autorización de conexión:</b>	
- Por cada m2. habitable de cada inmovible, independentemente de cada piso ou local, no suposto de propiedade horizontal .....	4,11 €
- Mínimo establecido .....	291,33 €
<b>2. Pola utilización do servizo:</b>	
1.- Por vivenda ou local (sen actividade), (€/ trimestre) .....	11,5201
2.- Por establecemento industrial ou comercial, (€/ trimestre) ...	17,3003
3.- Uso de obras ( €/trimestre)	14,3903
4.- Hostais, pensións e hoteis, (€/ habitación/trimestre) ....	1,1107
5.- Cámpings, (€/ parcela/ trimestre) .....	1,7125
<b>3.Conservación de acometidas (€/abonado/mes)</b>	<b>0,4283</b>
<b>4. Xestión de cobro de impagados (Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago ( €/ud)</b>	<b>4,51</b>
<b>5. Acometidas de saneamento</b>	
Ud. De acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaria de 160/200mm/5atm, incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión ao colector existente con pieza especial estanca, ata una profundidade máxima de 1,50 m. e unha lonxitude máxima de 5 m.	
Zanxa en terra .....	424,10 €
Zanxa en asfalto .....	483,65 €
Zanxa en beirarrúa .....	531,24 €
<b>Nota: Todas estas tarifas veranse incrementadas con o I.V.E. vixente</b>	

**ARTIGO 6. BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da presente Taxa que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

**ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN. LIQUIDACIÓN**

1. Presentarase mediante o impreso facilitado pola empresa concesionaria as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo, que producirán efectos no período impositivo seguinte.

2. Toda declaración de alta deberá achegar:

- a) Identificación do substituto do contribuínte (achegando copia do NIF), e se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (achegando copia do NIF).
- b) Copia do título de propiedade do inmovible obxecto do servizo.

3. Nas declaracións de modificación, de calquera tipo, deberanse achegar os documentos que a xustifican, entre outros, certificado da alta ou baixa no imposto de actividades económicas, licenza de primeira ocupación do inmovible,...

4. Nas declaracións de baixa, achegarase certificado de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa ningunha.

5. O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa.



**EXCMO. CONCELLO**  
**DE**  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ARTIGO 8. ACTUACIÓN DE OFICIO**

1. A Administración municipal liquidará de oficio e incluírá no Padrón a todos os suxeitos que non presentasen a correspondente declaración de alta, quen deberán achegar a documentación sinalada no apartado 2 do artigo 9.

2. Para os efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmoables obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 1 da presente, os que se atopen en calquera das seguintes circunstancias:

- Os incluídos no Padrón do imposto sobre bens inmoables ou que solicitasen a alta no mesmo.
- Aqueles que excedesen o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non solicitasen a correspondente licenza de primeira ocupación.
- Aqueles que conten con provisión eléctrica ou de comunicacións.

3. A falta de declaración de alta ou modificación no uso, nos casos de obra, determinará a liquidación de atrasos desde a data de solicitude da correspondente licenza ou desde a de calquera acto municipal anterior á mesma que declare a existencia das referidas obras, salvo proba en contrario.

**ARTIGO 9. INGRESO.**

I.- Cando a Taxa se exaccione por Padrón esixírase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde a Alcaldía a proposta da Empresa Concesionaria.

II.- Os ingresos correspondentes a liquidacións periódicas efectuaranse no lugar que determine a Empresa Concesionaria, os ingresos correspondentes a liquidacións puntuais (non periódicas) efectuaranse na Tesourería Municipal ou na conta restrinxida que se sinala.

**ARTIGO 10. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

Nesta materia estarase ao disposto na Ley General Tributaria, e artigos correspondentes do Reglamento General de Recaudación aprobado por Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo

**ARTIGO 11. NORMAS DE XESTIÓN.**

Transcorridos seis meses dende a liquidación dunha facturación a Empresa Concesionaria deberá ingresar o importe total do canon do trimestre facturado, a non ser que acredite fehacientemente a imposibilidade do cobro, presentando relación de fallidos e solicitando do Concello declaración de créditos incobrables. Dos demais créditos que non sexan fallidos solicitará do Concello a utilización da vía de apremio.

**DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.**

**Primeira.** A xestión e recadación desta Taxa corresponde a Empresa Concesionaria, excepto nas liquidacións puntuais (non periódicas).

**Segunda.** As liquidacións por servizos periódicos practícaranse con carácter trimestral ou en período que, no seu caso, determine a Alcaldía a proposta da Empresa Concesionaria. A Empresa Concesionaria terá que comunicar ao final de cada trimestre natural a facturación polo Servizo de Saneamento ao obxecto de fiscalización por Intervención e aprobación pola Alcaldía.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

La modificación da presente Ordenanza Fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P., e comezará a aplicarse con efectos 01/01/2016, si a devandita data xa está formalizado o contrato administrativo coa empresa resultante da adjudicación acordada polo Pleno en sesión de 19 de agosto de 2015. No caso contrario, e para o actual concesionario (segundo contrato administrativo de 14/06/1994) seguirán vixentes as tarifas aprobadas na sesión plenaria de 03/10/13 e publicadas no BOP nº 240 de 16/12/13, e corrección de erros no BOP nº 246 de 26/12/2013”